

## **Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Muíños para a execución da obra “Melloras de abastecemento de auga a domicilio nos núcleos de poboación de Pazo e Calvelo. Muíños (Ourense)”**

### **1 Antecedentes**

O Concello de Muíños ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.

Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

O Concello de Muíños conta cun Plan de emerxencia ante situacións de seca, este é un instrumento de planificación para xestionar os posibles episodios de seca, de xeito que se garanta o abastecemento a poboación e se fomente o emprego eficiente dos recursos hídricos.



## 2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio é establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Muíños que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público a obra "Mellora do abastecemento de auga a domicilio nos núcleos de poboación de Pazó e Calvelo. Muíños (Ourense)".

## 3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

No ámbito do abastecemento, o Concello de Muíños precisa executar a actuación denominada "Mellora do abastecemento de auga a domicilio nos núcleos de poboación de Pazó e Calvelo. Muíños (Ourense)".

Durante a situación de seca do 2022 o concello atopouse en situación de seca prolongada e estivo en alerta por escaseza, o que provocou que o caudal dos depósitos existentes nos núcleos de Pazó e Calvelo, no Concello de Muíños, estiveran en niveis baixos polo que se tiveron que facer cortes no subministro de auga. Para evitar que noutra situación de seca a poboación se quede sen auga executarase esta obra coa que se pretende mellorar a rede de abastecemento construíndo un depósito de formigón duns 50 m<sup>3</sup> de capacidade, con instalación de equipos de cloración e conexión coa rede existente en Pazó e un pozo de captación de auga en Calvelo.

A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.



Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, saneamento e depuración a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, citada, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia, citada, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.



#### 4 Estimación de custos e financiamento

O custo total das actuacións contempladas no convenio ascenden a corenta e oito mil cen euros (48.100,00 €) que serán financiados por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2023.

#### 5. Vinculación co Plan estratéxico de Galicia

As actuacións son coherentes co Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 10 de marzo de 2022, ao que se vinculan da seguinte forma:

1. Eixo: 2. Galicia verde e sostible
2. Prioridade actuación: PA 2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.
3. Obxectivo estratéxico: OE 2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
4. Obxectivo operativo: OO02- Identificar e priorizar as actuacións necesarias en materia de abastecemento autónomo nos municipios galegos.
5. Indicadores: P00440/Grao de execución (%)



6. Unidades de medición: grao de execución estimado no exercicio corrente.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora de Augas de Galicia

Teresa María Gutiérrez López

